

**ACTA DE APERTURA DO SOBRE A E SOBRE B CORRESPONDENTE AO LOTE 5, MANEXO DE MAQUINARIA QUE CONTÉN A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OS CRITERIOS NON VALORABLES DE FORMA AUTOMÁTICA, LOTE INTEGRANTE DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO SERVIZO DE ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN 2023-2024 (7 lotes) TRAMITADO MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO.**

*Os asinantes deste documento declaran expresamente que non se atopan en ningunha situación susceptible de xerar conflito de intereses en relación co contrato a que se fai referencia neste documento, e que informarán sen dilación ao órgano de contratación de calquera situación que constitúa ou poida dar lugar a un conflito de intereses; son coñecedores de que un conflito de intereses pode formularse, en particular, por razóns de intereses económicos, afinidades políticas ou territoriais, razóns familiares ou afectivas ou calquera outro interese compartido, que puidese chegar a comprometer a imparcialidade no procedemento de contratación en cuestión.*

Expediente GD 3651\_3658/2024

Na Casa Consistorial de Ames o 25 de abril de 2024 reúnese a Mesa de Contratación designada para a apertura do Sobre A e Sobre B do **Lote 5, MANEXO DE MAQUINARIA**, lote integrante do expediente de licitación das **ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN (7 lotes)**.

**ASISTENTES:**

**Presidenta:**

**Susana Señorís Rodríguez**, Concelleira delegada de Servizos Económicos

**Vogais:**

**Rosa Ana Prada Queipo**, Secretaria municipal.

**Margarita Fernández Sobrino**, Interventora municipal.

Actúa como **Secretaria** do acto **M. Isabel Quintáns Rios**, Auxiliar administrativo do Departamento de Contratación.

Antes de proceder ao inicio da apertura dos sobres, cabe mencionar que a **tramitación desta licitación é integramente electrónica** a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, e como tal os licitadores interesados deberán presentar a documentación única e exclusivamente de maneira electrónica a través deste medio.

A Xunta de Goberno Local do 5 de abril de 2024 aprobou o expediente de licitación por lotes do Servizo de Acciós Formativas do Programa de Emprego dos Concellos de Ames e Brión 2023-2024 (7 lotes) tramitado mediante procedemento aberto simplificado.

O 08 de abril de 2024 o expediente foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público procedendo a apertura do prazo de presentación de solicitudes, rematando este o 23 de abril de 2024.

Consta no expediente relación de licitadores presentados ao **Lote 5 denominado Manexo de Maquinaria**, emitido pola Plataforma de Contratación do Sector Público, resultando os seguintes:

Lote nº5.- Manexo de maquinaria	
EMPRESA LICITADORA	CIF
CENTRO DE ORIENTACIÓN DE ESTUDIOS COMERCIALES SLU	B-36043073

Procedese a apertura do **Sobre A** que contén a documentación administrativa, onde os licitadores deberán presentar a documentación administrativa que se indica no Anexo VII do PCAP.

Ademais deberán achegar Certificación de homologación para a impartición de dita actividade UNE 58451 ou equivalente, conforme aos requisitos establecidos pola UNE 58451:2016, ou mais recente si existise.

A Mesa de Contratación constata que toda a empresa licitadora presentan toda a documentación de maneira correcta.

A continuación procedese a **apertura dos Sobres B** que conteñen os criterios non valorables de forma automática, no que se outorgarán as seguintes puntuacións:

CRITERIOS COMÚNS AOS LOTES 1, 2, 3, 4 e 5	
MEMORIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO	35 puntos
Proposta axustada aos datos subministrados no Prego de prescricións técnicas. Claridade e orde adecuado na exposición da información. Fundamentación teórico-técnica do proxecto e coherencia na súa formulación. Ausencia de incoherencias, distorsións ou erros	Ata 20 puntos
Coherencia entre os obxectivos xerais subministrados e os obxectivos específicos, operativos e as accións/actividades propostas. Calidade e pertinencia da proposta organizativa e a metodoloxía. Carácter innovador da proposta.	Ata 10 puntos
Valoración do sistema de avaliación e control da Calidade. Plan de coordinación co departamento responsable do programa	Ata 5 puntos

Neste sobre as empresas deberán presentar unha memoria de actuación e programa de execución detallada que **non deberá superar as 20 páxinas** en formato dixital, quedando excluídas todas aquelas propostas que superen dito número de páxinas, non computándose para iso a portada e o índice.

As empresas, en canto a memoria de actuación e programa de execución, cumpren todas elas co límite de páxinas.

Segundo o establecido no Anexo IV do PCAP os proxectos técnicos serán valorados polo técnico municipal de Inserción Laboral do Programa INSERAMES, Pablo Bello Nieto.

Á vista do exposto, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA**:

**Primeiro.-** Declarar **admitidas** no procedemento de licitación do **Lote 5, Manexo de Maquinaria** as seguintes empresas:

Lote nº5.- Manexo de maquinaria	
EMPRESA LICITADORA	CIF
CENTRO DE ORIENTACIÓN DE ESTUDIOS COMERCIALES SLU	B-36043073

**Segundo.-** Trasladar ao técnico municipal designado nos pregos de cláusulas administrativas Pablo Bello Nieto, os proxectos técnicos para a súa valoración de acordo co establecido no Anexo IV do PCAP.

**Terceiro.-** A Mesa reunirse de novo para a toma de coñecemento do informe técnico emitido polo técnico municipal responsable da valoración dos proxectos técnicos.

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematado o acto, do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.